

CONTRATACIÓN DE 1 PROFESOR DE PIANO, LINGUAXE MUSICAL e EDUCACION AUDITIVA E VOCAL	
25/11/2015	Ultimo día para aportar documentación para baremar.
26/11/2015 – 14 horas	Listado de admitidos e excluídos.
27/11/2015	Reclamación ao listado de admitidos e excluídos
30/12/2015 – 14 horas	Listado provisional
01/12/2015	Reclamación ao listado provisional
03/12/2015	Listado definitivo
	Data probable de contratación: 04/12/2015
	Duración do contrato: ata o 30/06/2016
	Xornada laboral: Completa (de martes a sábado)

1.- Documentación mínima que teñen que aportar para participar no proceso de selección:

- Fotocopia do DNI, debidamente cotexada.
- Declaración de veracidade.
- Titulación mínima exigida: Título Superior de Piano (LOXSE); Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Piano (Plan 1966); Título Profesional de Piano (Plan de 1944), ou outras titulacións (indistintamente): Título Superior de Jazz, instrumento principal: Piano (LOXSE); Título Superior de Clave (LOXSE); Título de Profesor Superior, ou de Profesor de Clave (Plan de 1966); Título Profesional de Clave (Plan de 1944).

• Documentación que poden aportar para acadar méritos:

- Experiencia profesional que se acreditará mediante Informe da vida laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo para valorar a mesma a través dos servizos prestados en calquera administración pública (0,25 puntos/mes) ou empresa privada (0,05 puntos/mes) na mesma categoría á que se pretende acceder.
- Minusvalidez do solicitante compatible co posto de traballo, igual ou superior ao 33% (1 punto)que se acreditará mediante certificado de grado de minusvalidez emitido pola Área de Servizos Sociais da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.
- Cursos de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas Administracións Públicas, universidades, INEM, Fundación tripartita para formación ou sindicatos, e relacionado coas funcións propias da categoría:(máximo 3 puntos)

De 40 a 100 horas	0,10 puntos/curso
De 101 a 300 horas	0,40 puntos/curso
De 301 a 500 horas	0,60 puntos/curso
De 501 horas en diante	1,00 puntos/curso

- Titulación académica distinta a solicitada como requisito imprescindible para o acceso (só se computará a titulación de máis nivel das alegadas):

Título de doutor/a	1,75 puntos
Título de licenciado/a, arquitecto/a, enxeñeiro	1,50 puntos
Título de enxeñeiro/a, técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a	1,25 puntos
Título de COU, Título de técnico especialista obtido en FP de 2º grado, Título de Bacharelato actual, Ciclo formativo de grado superior ou equivalente	0,75 puntos
Graduado en secundaria, 2º BUP superado, Título de técnico auxiliar obtido en 2º ano de FP de 1º grado, ciclo formativo de grado medio ou equivalente	0,50 puntos
Graduado escolar, 2º da ESO superado	0,25 puntos

- Coñecemento acreditado do idioma galego acreditado polos cursos e titulacions homologadas pola Xunta de Galiza. (só se valorará o grado superior alegado)

Iniciación	0,50 puntos
Perfeccionamento	0,75 puntos
Especialización	1,00 puntos